

Informe de

# AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

Curso 2019-2020

## *Titulacións do Centro*

### Graos

- Educación Infantil
- Educación Primaria
- Educación Social
- Traballo Social

### Máster

- Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos
- Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos
- Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas

***Validación pola Comisión de Garantía Interna de Calidade, en Ourense, a día 11 de decembro de 2020***

Facultade de Educación e Traballo Social
Universidade de Vigo

*Área de Calidade*

Centro certificado FIDES AUDIT

Plan de Acción Titorial

Plan de Acción Titorial

# Facultade de Educación
# e Traballo Social

**Informe de avaliación do PAT**

**Curso 2019-20**

**Grao en Educación Primaria**

**Grao en Educación Infantil**

**Grao en Educación Social**

**Grao en Traballo Social**

Validado por la Comisión de Garantía Interna de Calidade o día 11/12/2020

ÍNDICE

# GRAOS

INTRODUCIÓN …………………………………………………………………………. 4

1. Fase de benvida, acollida e orientación…………………………………………………… 4

2. Fase de apoio ……………………………………………………………………………5

3. Fase de orientacións específicas ……………………………………………………….. 8

4. Programa de Apoio á Integración do Alumnado con Necesidades Especiais (PIUNE) …...9

5. Accións Formativas ……………………………………………………………… 10

6. Análise das accións do Plan de acción titorial (PAT) ……………………………………..11

ANEXOS……………………………………………………………………………………..13

I. Cartel da sesión sobre prácticas externas extracurriculares ……………….........…………14

II. Cartel sobre a sesión de AMINO ……………………………………………........…15

III. Programa da sesión sobre saídas profesionais ……………………………………………..16

IV. Orientación laboral e continuidade de estudos para cuarto curso ………………………17

V. Cronograma de actividades do PAT ……………………………………………………18

# MÁSTERS……………………………………………………………………....24

**INTRODUCIÓN**

Este informe ten como obxectivo presentar e valorar as accións destinadas ao alumnado da Facultade de Educación e Traballo Social, no marco do Plan de Acción Titorial do curso 2019-20.

As accións do curso 2019-20 supoñen unha continuidade con respecto ás dos cursos anteriores, de acordo co plan de acción titorial aprobado pola Facultade (Xunta de Centro do 30/10/2008). Divídense en actividades de acollida, apoio e orientación específica e desenvólvense en diferentes formatos, segundo as necesidades e obxectivos, desde accións dirixidas a todo o alumnado da Facultade, ata outras orientadas a grupos específicos, como ocorre coa titorización levada a cabo en primeiro, curso no que se fai especial fincapé, co fin de acompañar o proceso de adaptación do alumnado de novo ingreso. Así mesmo, outras accións son individuais, sobre todo as relacionadas co programa de apoio á diversidade (PIUNE).

En cado caso, en función dos resultados obtidos, indicaremos as posibles accións de mellora que se poden aplicar en futuros cursos.

## 1. Fase de benvida, acollida e orientación

No curso 2019-20, as xornadas destinadas á recepción do alumnado de novo ingreso distribuíronse en dous días. No primeiro deles (4/9/2019), a Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria organizou unha sesión lúdico-informativa ao longo de todo o día, co fin de ofrecer información variada sobre todos os recursos dispoñibles na Universidade, como transporte, deportes, biblioteca, voluntariado, etc. Esta información estaba distribuída en diferentes puntos, aos que o alumnado podía dirixirse para recoller material informativo, preguntar dúbidas, etc.

Por outra parte, no segundo día (5/9/2019), leváronse a cabo xa sesións específicas, programadas cun horario pechado, co obxectivo de proporcionar información máis detallada sobre os aspectos considerados máis relevantes. Presentamos a continuación as distintas sesións segundo a orde na que tiveron lugar:

***Acto de Benvida*** por parte do Equipo Decanal e representantes dos distintos servizos da Universidade.

***Información sobre o Título*** ofrecida polos/as coordinadores/as de cada Grao. Nesta sesión expóñense as principais características do Título, a organización das materias, as guías docentes, a distribución en grupos, os horarios, etc, información recollida ademais de forma esquemática nunha presentación dixital que posteriormente se facilita ao alumnado a través do espazo do PAT de cada grao, en Faitic.

***Información sobre os recursos informáticos,*** a cargo do persoal técnico do SAUM: activación de contas de correo, listas de distribución, emprego da plataforma de Teledocencia, uso da wifi e outras aplicacións da Uvigo. Tamén se facilita esta información de xeito resumido nun documento dispoñible en Faitic, no espazo do PAT correspondente a cada titulación.

***Información sobre linguas estranxerias***, por parte do profesorado do Centro de linguas: oferta nas distintas linguas e procedemento para matricularse.

***Obradoiro realizado polo Gabinete psicopedagóxico***, destinado á presentación do alumnado de cada Título entre si e á mellora de estratexias para o traballo en equipo.

***Xincana:*** Competición entre grupos de estudantes destinada a que estes avancen no coñecemento mutuo, ao mesmo tempo que entran en contacto cos distintos espazos e servizos do campus, ao desprazárense para superar as diferentes probas. Nesta actividade colaborou a asociación de alumnado universitario do campus de Ourense (AUCE), coa finalidade tamén de darse a coñecer entre os estudantes de novo ingreso.

Por último, cómpre sinalar que a asistencia á primeira xornada foi menor que a do segundo día, polo que algunha da información facilitada naquela, tamén se transmitiu a través de Faitic en diferentes soportes, como por exemplo un vídeo explicativo sobre o funcionamento da biblioteca (https://cursos.faitic.uvigo.es/tema1920/claroline/document/goto/index.php/presentacionbiblioteca.mp4?cidReq=O05G110V01_PAT1). Consideramos que este tipo de material de apoio resulta fundamental, non só para o alumnado que non puidese asistir ás xornadas de acollida, senón para completar a información de xeito que estea dispoñible en todo momento. Polo tanto, propoñemos como mellora para futuros cursos, fomentar a realización deste tipo de material informativo en formato dixital.

## 2. Fase de apoio

Dentro das accións do PAT incluídas como apoio ao alumnado, destacan as titorías grupais, organizadas de forma sistemática para o primeiro curso de todos os graos.

Todo o alumnado de primeiro distribúese en grupos de aproximadamente quince estudantes (por orde alfabética), aos que se lles adxudica un docente como titor ou titora. No curso 2019-20, neste labor de titorización do alumnado de primeiro participou o seguinte profesorado:

- Educación Ifantil: Pino Díaz, Valentín Iglesias, Sonia Alfonso Gil, Isabel Mociño, Javier García, María Ainhoa Zabalza.

- Educación Primaria: Almudena Alonso, Ángeles Conde, Manola Raposo, Mar García, Ángel V. Dorrío, Ana Iglesias.

- Educación Social: José María Faílde, Xosé Manuel Cid, María Victoria Carrera, Rosana Martínez, Sara Martínez, Yolanda Rodríguez.

- Traballo Social: Fátima Braña, Mª José Vázquez, Mónica López, Rubén González, Xoán Lombardero.

A coordinadora do PAT comunícalle por correo electrónico a cada titor ou titora o alumnado que lle corresponde titorizar, co fin de que os docentes se presenten e se poñan en contacto cos estudantes asignados. Ademais, a distribución (sen os enderezos de correo electrónico) tamén se fai pública no espazo correspondente ao PAT de cada titulación en Faitic, así como na web da facultade.

Ao longo do curso, cada titor/a se reúne co seu alumnado como mínimo en dúas ocasións. A primeira reunión ten lugar a finais de outubro ou principais de novembro, co fin de resolver as posibles dúbidas xurdidas no inicio do curso, mentres que a segunda se realiza con posterioridade á primeira convocatoria de exames. No curso 2019-20, a segunda reunión realizouse máis tarde do habitual, debido ao confinamento provocado pola pandemia.

Tras cada reunión, o titor/a recolle nunha acta o alumnado asistente, así como os temas tratados e os acordos adoptados. Estas actas están dispoñibles no espazo do PAT habilitado para tal efecto en FAITIC (só accesible para o profesorado).

Co obxectivo de poñer en común os resultados da primeira reunión e acordar posibles accións de mellora, a coordinadora convocou a todos os titores/as a un encontro entre a primeira e a segunda sesión co alumnado. Este encontro tivo lugar o 10 de decembro de 2019 e del xurdiu un documento que foi enviado á vicerreitora de captación e extensión universitaria, María Isabel Doval, no que se recollían sobre todo os problemas xurdidos con respecto ao programa PIUNE, derivados dos cambios nos procedementos para darse de alta, así como para xestionar a información entre a UNATEN e o alumnado e profesorado afectado, cambios que ralentizaron a xestión debido á súa novidade. Por conseguinte, de cara a próximos cursos, cómpre abordar esta cuestión, co fin de facilitar e axilizar este proceso, por exemplo, cunha relación máis directa entre os distintos axentes implicados, así como un aumento da información proporcionada ao profesorado con respecto ao alumnado PIUNE ao que imparte docencia. No momento da realización deste informe, xa nos anunciaron cambios co fin de avanzar neste sentido.

En liñas xerais, a integración do alumnado na vida universitaria é adecuada e polo tanto a súa valoración positiva. Porén si manifestan algunhas queixas, por exemplo con respecto aos horarios, polo

feito de que lles queden ocos libres entre clases, ou ben a acumulación dos traballos das diferentes materias nas mesmas datas, etc.

Nalgúns casos, ademais, detéctase unha baixa asistencia por parte do alumnado a estas reunións, sobre todo no que se refire á segunda. Dado que en cursos anteriores isto se atribuíu entre outros factores a cuestións horarias, xa que se trata de reunións realizadas fóra do horario lectivo, recomendouse aos titores e titoras propoñer un horario inmediatamente posterior á finalización dalgunhas das sesións de clases, co que se paliou en certa medida o problema. Non podemos esquecer que a asistencia é en todo momento voluntaria. Por outra parte, tamén se sinala como posible motivo o feito de que o alumnado non comprenda a importancia deste tipo de accións, nin coñeza en que consiste o plan de acción titorial (PAT), polo que se está intentando aumentar a súa visibilización, xa desde cursos anteriores.

Ademais destas titorías grupais, tamén se ofrece ao alumnado a posibilidade de levar a cabo titorías individualizadas, tanto co alumnado de novo ingreso, como co resto, xa que o titor/a de primeiro continúa a exercer este labor cos estudantes asignados durante todo a súa traxectoria universitaria. A propia coordinadora atende de forma individualizada a aquel alumnado que así o solicita, do mesmo xeito que o fan tamén os respectivos coordinadores de grao. Nalgunhas ocasións, estas dúbidas, consultas ou cuestións xa se resolven por vía telefónica ou a través do correo electrónico, pero noutras abórdanse a través de titorías presenciais.

A pesar de que detectamos un lixeiro aumento do recurso a esta atención personalizada por parte dos estudantes, é certo que o contacto co titor/a asignado en primeiro acaba diluíndose nos seguintes cursos e, en caso de necesitalo, o alumnado acaba acudindo antes a algún coordinador/a, ou incluso profesor, que aos propios titores/as. En calquera caso, trátase dunha posiblidade coa que saben que poden contar e o obxectivo por parte da Facultade é ofrecerlle ao alumnado o maior número posible de vías para canalizar as súas suxestións, cuestións, dúbidas, etc. Neste sentido, tamén intentamos dar visiblidade ao buzón de queixas, suxestións e parabéns, ao que tamén poden acceder facilmente a través da páxina web (http://fcce.uvigo.es/gl/calidade/queixas-suxestions-e-parabens/).

Precisamente, en relación coa visibilidade, unha das melloras levadas a cabo no curso 2019-20 foi a modificación da páxina web, co fin de facela máis intuitiva e accesible para o alumnado, obxectivo que consideramos cumprido.

**3. Fase de orientacións específicas**

Neste tipo de orientación, lévanse a cabo diferentes sesións destinadas a cursos ou graos concretos, xa que se organizan por temáticas específicas, de acordo coas diferentes necesidades detectadas. Ademais, intentamos situar temporalmente a súa realización no momento máis adecuado a cada necesidade. Pódese consultar o cronograma no anexo V.

**- Orientacións sobre Prácticum**

Dada a importancia das prácticas nas nosas titulacións, estas sesións son especialmente relevantes. Lévanse a cabo en todas as titulacións en primeiro lugar co alumnado do 3º curso, co fin de informalo sobre a cronoloxía, matrícula, solicitude de centros, etc, pero tamén co de 4º, antes do inicio da súa estancia nos centros de destino.

**- Orientacións sobre o Traballo de Fin de Grao**

O/as coordinadores/as de TFG e de Grao realizaron sesións informativas co alumnado de terceiro e cuarto curso sobre as características específicas da materia de TFG: matriculación, calendario, solicitude de liñas de investigación e titores/as de TFG, así como procedementos de realización, redacción, presentación e defensa.

No caso dos graos de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Social, esta sesión realizouse de forma conxunta coa de información sobre o prácticum, para o alumnado de terceiro curso, dado que o cuarto curso está dedicado na súa maioría á realización destas dúas partes da titulación.

**- Orientacións sobre prácticas externas extracurriculares**

Sesións informativas realizadas pola técnica do FUVI no campus de Ourense, Sandra Morales Lloves e dirixidas a estudantes de terceiro e cuarto curso de todos os graos.

(practicasou@fundacionuvigo.es)




**- Orientacións sobre mobilidade**

Sesións informativas dirixidas a estudantes de segundo e terceiro de todos os graos para informar sobre programas de mobilidade (Erasmus, Séneca, etc.), recursos, bolsas, apoios, etc.

- **Orientacións sobre optatividade, mencións e saídas profesionais.**

Nos graos de Educación Primaria e Infantil, realizouse unha sesión dirixida especialmente ao alumando de segundo, terceiro e cuarto cursos, co obxectivo de ofrecer información sobre os itinerarios dos Títulos, así como asesorar sobre as posibilidades laborais e formativas unha vez finalizado o grao.

Nesta sesión participan, ademais de profesorado da Facultade, profesionais invitados, co fin de que estes asesoren e resolvan dúbidas desde a súa propia experiencia laboral, cadaquén no seu ámbito.

A asistencia foi altísima e o interese do alumnado quedou evidenciado polas numerosas cuestións que se formularon.

Esta sesión informativa, debido á situación xerada pola pandemia, foi realizada de forma virtual, retransmitida en directo e gravada para a súa posterior difusión. O alumnado podía formular as súas dúbidas e cuestións a través dun chat dispoñible para tal fin. Pódese consultar a gravación en: https://tv.uvigo.es/series/5eaa9906c72c2951720073f5. Así mesmo, tamén se pode consultar o documento elaborado para a convocatoria no anexo III.

No que respecta aos Graos de Educación Social e Traballo Social, tamén se informou sobre as institucións e centros para o exercicio profesional e as redes de contacto e intercambio de información profesional, así como sobre as potenciais vías de inserción laboral.

Ademais, informouse sobre as opcións de especialización e continuación de estudos coa presentación do programa de doutoramento e os posgraos ofrecidos no Centro por parte das coordinadoras destes.

## 4. Programa de Apoio á Integración do Alumnado con Necesidades Especiais (PIUNE)

Dentro do programa PIUNE, ofrécese unha atención individualizada ao alumando, en primeiro lugar para asesoralo sobre como darse de alta no programa e, a continuación, para realizar un papel de mediación entre o propio alumnado, o profesorado, o gabinete piscopedagóxico e a Unidade de atención ao estudantado con necesidades específicas de apoio educativo (Unaten) (https://www.uvigo.gal/campus/saude-benestar/unidade-atencion-ao-estudantado-necesidades-especificas-apoio-educativo-unaten).

Foron varios os estudantes PIUNE que recorreron ao PAT co fin de resolver dúbidas ou incluso falta de comunicación e entendemento con algúns dos outros axentes implicados no proceso. De aí que, de cara a futuros cursos, se propoña como medida de mellora axilizar e facilitar os procedementos

implicados no apoio a este tipo de alumnado, que, ademais, precisamente polas súas características específicas, resulta especialmente vulnerable.

En concreto, atendéronse dentro do Programa PIUNE, cinco alumnas de Educación Infantil, dous de Educación Primaria, un de Traballo Social e outro de Educación Social. Non obstante, o descoñecemento da existencia do propio programa pode provocar que non se faga un uso maior do mesmo por parte do alumnado, polo que tamén consideramos que se debería aumentar a súa visibilidade de cara a próximos cursos, por exemplo incluíndo esta cuestión como un dos puntos clave sobre os que se debe informar aos estudantes de novo ingreso, tanto nas xornadas de acollida como nas propias reunións do PAT co alumnado de primeiro titorizado, sobre todo na primeira reunión, cando aínda estamos no inicio do curso.

**5. Accións Formativas**

Como en cursos anteriores, realizáronse accións formativas dirixidas aos estudeantes de cuarto curso como apoio á realización dos Traballos de Fin de Grao: cursos presenciais sobre técnicas e metodoloxías de investigación impartidos por docentes do propio centro, tales como Análise de datos na investigación cuantitativa/cualitativa ou virtuais como ‘Como afrontar o teu TFG’, deseñado e titorizado polo persoal da biblioteca e impartido a través da plataforma de teledocencia FAITIC.

Como sesión formativa, tamén a asociación AMINO deu a coñecer o programa 'Poñendo os lentes’ , que ten como obxectivo a detección de abusos en menores, dentro da campaña do Consello de Europa para a prevención da violencia sexual contra a infancia. Nesta sesión, celebrada o 14 de outubro de 2019, tamén se solicitan voluntarios e voluntarias que desenvolvan este programa en centros educativos, o cal, por outra parte, constitúe unha oportunidade de práctica para o noso alumnado.



**6. Análise das accións do Plan de acción titorial (PAT)**

Nesta valoración partimos de diferentes fontes de información: as actas das reunións de titorización do alumnado de primeiro, recollidas no correspondente apartado do espazo do PAT de cada titulación en Faitic; a información transmitida á coordinadora polos diferentes titores e titoras do PAT vía telefónica, vía mail ou de forma presencial; o encontro dos titores/as de PAT e a coordinadora, celebrado entre a primeira e a segunda reunión co alumnado; a resposta ás diferentes accións específicas levadas a cabo, tanto por parte do alumnado asistente, como por parte do profesorado; a comunicación persoal co alumnado PIUNE, así como coa vicerreitora e o persoal da UNATEN.

- Con respecto á xornada de benvida, considérase que a cantidade de información ofrecida nela resultou excesvia e presentada de forma un pouco dispersa, de xeito que a información máis relevante e útil para a integración do alumnado na vida universitaria podía quedar diluída. Polo tanto, valoramos útil o seu mantemento, sobre todo para facilitar un primeiro contacto cos servizos da universidade, pero propoñemos completala con información específica e máis dirixida, no caso daqueles servizos que o alumnado debe coñecer e empregar de forma imprescindible desde o inicio do primeiro curso, como é o caso dos servizos relacionados coa comunicación (contas de correo, listas de distribución), as plataformas de teledocencia ou o uso da biblioteca. Nestes casos, suxerimos continuar e aumentar a organización de sesións específicas, apoidas con información en soporte dixital que se poida facilitar ao alumnado para a súa consulta posterior.

- Canto ás reunións de titorización do alumnado de primeiro, convén seguir buscando fórmulas que permitan a maior asistencia posible do alumnado, como pode ser un horario consensuado con este e na medida do posible nalgún oco do seu horario lectivo. En calquera caso, este problema acentuábase na segunda reunión, realizada xa no segundo cuadrimestre, pero neste curso a participación aumentou, debido probablemente ao confinamento, xa que esta situación excepcional provocou unha maior necesidade entre o alumnado de resolver dúbidas e, ademais, as reunións tiveron lugar de forma virtual, o que puido tamén facilitar a asistencia. Á parte disto, a valoración das reunións son positivas, como demostra o feito de que permiten sacar á luz algunhas problemáticas que, doutro xeito, serían posiblemente descoñecidas para o profesorado e responsables da facultade. Nestes casos, o titor ou titora ponse en contacto directamente coa coordinadora, quen toma as medidas oportunas e, en todo caso, traslada a cuestión aos responsables correspondentes.

- En canto ás accións de orientación específica, a asistencia é alta, o que evidencia o interese que suscitan entre o alumnado, polo que consideramos imprescindible mantelas.

- A pesar da valoración positiva das accións realizadas dentro do marco do PAT, cómpre continuar dándolle maior visibilidade, aumentando a súa difusión. Nesta liña, proponse para futuros cursos o establecemento dalgunha canle intermedia de contacto entre o profesorado, titores e titoras

e o alumnado. Así mesmo, co obxectivo de aumentar a coordinación entre os titores e titoras, suxerimos establecer máis canles de comunicación e posta en común entre eles.

- Por último, con respecto ao programa PIUNE, detectamos un problema de descoñecemento por parte do alumnado, que cómpre abordar en futuros cursos, así como resulta urxente facilitar e axilizar os procedementos para o alumnado que solicita a incoporación. Neste curso, dada ademais a situación excepcional provocada pola pandemia, este alumnado especialmente vulnerable viuse aínda máis afectado. Tanto desde o gabinete psicopedagóxico, como desde a UNATEN, intentouse ofrecer unha atención personalizada en todo momento. Ademais, nalgúns casos foi necesario exercer como intermediarios entre estes organismos, o alumnado e o propio profesorado, co fin de aclarar ou explicar as medidas que se debían aplicar con cada un dos estudantes integrados no programa PIUNE. Isto pon de relevo que en ocasións a información transmitida aos docentes sobre esta cuestión resulta escasa, polo que se propón afondar neste punto, como así se transmitiu á vicerreitora responsable, nunha reunión virtual mantida a petición da propia vicerreitora.

- Tamén se propuxo como acción de mellora separar as funcións de coordinación do PAT e xestión do programa PIUNE, co fin de que esta última fose desempeñada por unha especialista na materia, dado que estamos nunha Facultade de Educación. Esta mellora xa se levou a cabo no curso 2020-21, de xeito que o centro delegou a función de responsable PIUNE na profesora titular Mar García Señorán, da Área de Psicoloxía Evolutiva e da Educación.

En definitiva, o resultado en liñas xerais é bastante positivo e, de feito, o PAT revelouse como unha ferramenta útil incluso para abordar e facilitar medidas excepcionais, como as provocadas pola pandemia. Trátase dunha canle que consideramos imprescindible para establecer un maior diálogo entre o alumnado e o profesorado do centro, que se suma a outras posibilidades tamén dispoñibles na facultade e que facilitan a comunicación entre os distintos axentes e, en consecuencia, o tratamento e resolución de posibles conflitos de forma áxil.

Ademais, a información ofrecida a través das accións do PAT resulta de gran importancia para facilitarlle ao alumnado a toma de decisións e o avance na súa traxectoria académica, sobre todo no que se refire a aspectos especialmente relevantes e novidosos, como poden ser a escolla de mención, a realización do prácticum e o TFG ou, por suposto, a proximidade á súa incorporación ao exercicio profesional. Polo tanto, consideramos necesario manter estas accións e seguir traballando na súa mellora, no que respecta á súa visibilización e rendemento.

# ANEXOS

**ANEXO I**

# SESIÓN INFORMATIVA

# PRÁCTICAS EXTRACURRICULARES




Podo facer prácticas en empresas mentres estou na Universidade?

E cando remate de estudar...Como accedo ao mercado de traballo?

Dende a:

## Fundación Universidade de Vigo -FUVI-

**Martes, 16 de outubro ás 09:30 horas.**

**Sala Multiusos Emilia Pardo Bazán-**

**Soto Edificio de Facultades**

**ANEXO II**


poñendoos
LENTES
PRESENTACIÓN DO PROGRAMA
"POÑENDO OS LENTES"
PARA DETECTAR E PREVENIR
O ABUSO SEXUAL INFANTIL
SALA EMILIA PARDO BAZÁN
FACULTADE DE CIENCIAS
DA EDUCACIÓN
- OURENSE -
14
oct
18.00 - 19.00
amino
galicia
www.ponendolentes.es

**ANEXO III**

**PAT - SESIÓN SOBRE MENCIÓNS E SAÍDAS PROFESIONAIS:**

Destinatarios: todo o alumnado de Infantil e Primaria, sobre todo os de 2º, 3º e 4º.

Data: **29 / 04 / 20**, ás **16:00 h** (enviaremos enlace para entrar na sala virtual)**.**

**16:00 - 16:30 - MENCIÓNS:** ISABEL MOCIÑO e MANUEL VIDAL, coordinadores de grao.

**16:30 - 17:30 - SAÍDAS PROFESIONAIS:**

- MARCOS ANTONIO FERNÁNDEZ ÁLVAREZ

Mestre especialista en Educación Física - Psicopedagogo - Inspector de Educación

- ELENA GAYO ÁLVAREZ

Mestra especialista en Educación Primaria e en Educación Especial - Psicopedagoga
Directora do CEIP Plurilingüe O Ruxidoiro

- SANTIAGO PATO RODRÍGUEZ

Mestre especialista en Linguas estranxeiras (inglés) - Pedagogo

- JUAN LUIS RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ

Mestre especialista en Educación Infantil - Psicopedagogo
Orientador do Colexio Plurilingüe Divina Pastora

**17:30 - 18:00 - CONTINUACIÓN DE ESTUDOS:**

- PINO DÍAZ PEREIRA

Coordinadora do Máster en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos

- MAR GARCÍA SEÑORÁN

Coordinadora do Máster en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos

- CARMEN RICOY LORENZO

Coordinadora no campus de Ourense do Máster para o Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas.

- XOSÉ MANUEL CID

Coordinador do Programa de Doutoramento en Ciencias da Educación e do Comportamento (EDUCOU)

**ANEXO IV**

Actividade: Orientación laboral e continuidade de estudos para cuarto curso

Prezado alumnado de cuarto curso:

Pola presente informamos da realización dunha actividade destinada á orientación laboral e continuidade de estudos en colaboración co Colexio Oficial de Traballo social de Galicia que constará de dous módulos (11 e 15 de xuño) e unha terceira parte práctica optativa, e que se realizará no Campus remoto. A continuación tedes os detalles:

Orientación laboral e continuidade de estudos en tempos de Covid 19

MÓDULO 1: 11 de xuño de 11:00 a 13:00 horas

Orientación laboral e continuidade de estudos

Formación despois do Grao (postgraos, doutoramentos, formación contínua…)

Emprego: Servizos públicos, emprego público e privado, saídas profesionais, traballo por conta propia…

Outras alternativas: voluntariado, bolsas, traballo no estranxeiro

Presentación do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

Servizos para a colexiación

Como colexiarse

MÓDULO 2: 15 de xuño de 11:00 a 12:30 horas

Orientación laboral. Ferramentas básicas: O Curriculum Vitae

MÓDULO 3: Parte práctica.

As persoas que asistan aos dous módulos anteriores e realicen esta actividade (optativo) recibirán un certificado de asistencia por un total de 10 h.

Duración: 6:30 horas.

Prazo de entrega: ata o venres 16 de xuño ás 15:00 horas.

Esta actividade terá lugar no Campus remoto. Tedes que entrar en Facultade de Ciencias da Educación - Sala de estudantes

Contrasinal estudante: R4wQYt7y

Recomendámosvos a asistencia e agardamos que sexa de utilidade e do voso interese. Seguro que sí!

## ANEXO V

## CRONOGRAMA

| Fase | Actividade | Obxectivos/ contidos | Destinatarios | Responsables | Data |
|---|---|---|---|---|---|
| Xornada de benvida | Mesas onde se ofrece información sobre:<br>1. Wifi, correo e teledocencia<br>2. Aloxamento e transporte<br>3. Tarxeta universitaria<br>4. Biblioteca<br>5. Bolsas e axudas<br>6. Mobilidade (ORI)<br>7. Centro de Linguas<br>8. Área de Normalización Lingüística<br>9. Emprego e emprendemento<br>10. Unidade de Igualdade<br>11. Cultura<br>12. Benestar, Saúde e Deporte<br>13. Delegacións e asociacións de alumnado<br>14. Voluntariado<br>15. Atención á diversidade<br>16. Información xeral<br><br>Ao longo de toda a xornada tamén haberá música, actividades científicas e culturais, actividades deportivas, etc. | Presentarlle ao alumnado de novo ingreso todos os recursos que ofrece a Universidade. | Alumnado de 1º curso de novo ingreso de todos os Graos | Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria | 4 de setembro de 2019 |
